

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 31 DE DECEMBRO

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00058045Q.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Acórdase ratificar a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00047340Y.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa COREMAIN, S.L. para responder do contrato de “Subministración e implantación dunha ampliación da infraestrutura de servidores para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela” CON/50/2018.

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa COREMAIN, S.L., por importe de 5.989,98 euros (Nº operación: 320190006277, Avalista: BANKIA, S.A.) para responder do contrato de “Subministración e implantación dunha ampliación da infraestrutura de servidores para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela” CON/50/2018.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00031009M.

Autorización devolución de fianza do contrato de Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela, adxudicado a empresa COMPOSTELA MOVIL, S.A.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a devolución da fianza definitiva depositada pola empresa COMPOSTELA MOVIL, S.A., por importe de 2.004,35 euros para responder do contrato de “**Subministración do Lote I** vehículo todoterreo (TOYOTA LAND CRUISER 2,8 L T/M 6v) para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela”.

Segundo.- Autorizar a devolución da fianza definitiva depositada pola empresa COMPOSTELA MOVIL, S.A., por importe de 1.940,54 euros para responder do contrato de “**Subministración do Lote II** vehículo urbano tipo furgoneta (TOYOTA PROACE VERSO 2.0 L 150 CV T/M 6v) para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela”. CON/84/2018. EXPTE. -46/19.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00046182X.

Aprobación da certificación de liquidación da obra do contrato “Proxecto de iluminación en Figueiras” adxudicado á empresa MONTAJES ELECTRICOS NOROESTE SL. CON/34/2021.

Acórdase:

1. Aprobar a certificación número 4 LIQUIDACIÓN da obra do contrato CON/34/2021 Proxecto de iluminación en Figueiras asinado coa empresa MONTAJES ELECTRICOS NOROESTE SL.

2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 4 LIQUIDACIÓN das obras de dotación de iluminación pública coa súa correspondente rede de alimentación en Figueiras, tramo Xulacasa coa correspondente factura número F/2024/5406 por importe de 50.382,11 € IVE engadido, expedida pola empresa MONTAJES ELECTRICOS NOROESTE SL.

5. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2024/00058008W.

Validación da omisión da función interventora, autorización, disposición e recoñecemento da obriga por importe de 4.106,53 euros, en concepto de Servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD (Lote I), no mes de novembro de 2024, a favor de SEGURSYSTEM EUROPA SLU.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **4.106,53** euros, en concepto de **(Lote I) servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da umad. mes de novembro de 2024, a favor de SEGURSYSTEM EUROPA SLU.**

Terceiro - Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo

6. ÁREA 0. COORDINACIÓN XERAL DAS ÁREAS MUNICIPAIS. Referencia: 2024/00057931V.

Validación da omisión da función interventora e aprobación da factura emitida por CLECE FS S.A.U en concepto de certificación 25 do Servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello correspondente ao mes de agosto 2024.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de 19.063,53 euros, en concepto de certificación 25 do servizo de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios municipais do Concello correspondente ao período agosto 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2024/00034911C.

Concesión das Axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela. Ano 2024.

Acórdase:

Primeiro: aprobación da concesión, xustificación e pagamento das axudas ás empresas e polos importes relacionados a continuación que suman un total de 119.999,98 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 020 43300 4790002 DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL dos orzamentos municipais de 2024.

Segundo: Dar traslado deste acordo ás empresas interesadas.

Terceiro: Dar traslado deste acordo ao departamento de servizos económicos para proceder ao pagamento das axudas indicadas e á liberación do crédito sobrance na retención de crédito inicialmente aprobada para esta convocatoria.

9. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2024/00034922P.

Concesión dos Premios a excelencia empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela. III edición.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aceptar o reparo realizado no informe 1590/2024 de fiscalización, procedendo á subsanación do expediente.

SEGUNDO: Aprobar a concesión, xustificación e pagamento dos premios ás candidaturas que se establecen a continuación:

Na categoría Boas prácticas en materia de conciliación.

Premio á empresa ABELURIA S. COOP. GALEGA importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa SACAUNTOS S. COOP. GALEGA por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en materia de economía circular.

Premio á empresa I-GRAPE LABORATORY, S.L por importe de 6.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en materia de innovación e ciencia aplicadas ao modelo de negocio.

Premio á empresa SIXTEMAS (SIXTEMA PROYECTOS DE INFORMACIÓN SL) con CIF B15986771 por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L. por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas en innovación, en comercialización de produtos e servizos culturais.

Premio á empresa BEATRIZ LÓPEZ GONZÁLEZ por importe de 6.000,00 euros

Mención as empresas: MARÍA JESÚS IGLESIAS PARDO por importe de 2.000,00 euros e SACAUNTOS S. COOP. GALEGA por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas de empresas de economía social.

Premio á empresa CIDADANÍA REDE DE APLICACIÓNS SOCIAIS S. COOP. GALEGA por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. por importe de 2.000,00 euros

Na categoría Boas prácticas que identifican estratexias que apostan por atraer, reter ou mellorar o talento.

Premio á empresa ALMUDENA RODRÍGUEZ GIRÁLDEZ por importe de 6.000,00 euros

Mención á empresa PREFAPP CLOUD CONSULTING, S.L. por importe de 2.000,00 euros

TERCEIRO: Estas axudas, que suman un total de 48.000 euros, van con cargo con cargo á partida con cargo á aplicación orzamentaria 020 43300 4790100 dos orzamentos municipais para o ano 2024 do Concello de Santiago de Compostela.

CUARTO: Dar traslado deste acordo ás empresas interesadas.

QUINTO: Dar traslado deste acordo ao departamento de servizos económicos para proceder ao pagamento dos premios e mencións indicadas e á liberación do crédito sobrance na retención de crédito inicialmente aprobada para esta convocatoria. |

10. COMERCIO. Referencia: 2024/00048757C.

Aprobación da xustificación de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial anualidade 2024. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen, ao abeiro da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial anualidade 2024:

Fundación Santiago Centro, Área Comercial. Importe subvención: **21.353,66** euros.

Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca. Importe subvención: **2.246,34** euros.

Asociación de Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental. Importe subvención: **31.906,83** euros.

Asociación Punto Compostela CCA. Importe subvención: **25.812,53** euros.

Asociación empresarial do Barrio de San Pedro. Importe subvención: **2.044** euros.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor das persoas e polos importes indicados no punto primeiro desta proposta de resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Terceiro: Liberar o crédito remanente por importe de 252,06 euros na aplicación orzamentaria 020 43100 4890100 dacordo cos seguintes saldos de créditos inicialmente comprometidos e non xustificados, polo que non procede o recoñecemento da obriga respecto a eles: saldo de 252,06 euros por xustificación insuficiente na subvención concedida a Asociación empresarial do Barrio de San Pedro.]

11. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00017396P.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. para o ano 2024, e o recoñecemento da obriga, pola contía de 9.000,00 €.]

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de xuño de 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.** para o ano 2024, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **NOVE MIL EUROS (9.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **010 23102 4890001**, segundo o disposto nas bases de execución do orzamento municipal do 2024.]

12. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00017537B.

Aprobación da xustificación parcial do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o para o financiamento do “Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero”, ano 2024, e o recoñecemento da obriga.]

Acórdase aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 9 de agosto de 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o para o financiamento do “Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero”, ano 2024, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **DOCE MIL CATROCENTOS CATORCE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (12.414,79 € €)**, sendo a subvención concedida de catorce mil euros (14.000,00 €), segundo o disposto nas bases de execución do orzamento municipal do 2024, aprobado polo Peno do Concello de Santiago en 20/03/2024, con cargo á partida orzamentaria **010 23102 4890002.**]

13. EMPREGO. Referencia: 2024/00025834M.

Aprobación da xustificación da subvención outorgada á entidade COGAMI para o desenvolvemento dun proxecto de actividades para persoas con discapacidade. Ano 2024.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación da subvención concedida á Entidade COGAMI, para o desenvolvemento dun proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2024, por importe de 14.998,88 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 24100 4890001.

Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Entidade COGAMI, por importe de 14.998,88 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 24100 4890001.